

# Corte de abastecemento no Hío e Aldán por reparación en San Roque

- **As reparacións obrigan a cesar a subministración esta mesma mañá**

**22.11.2023.** As parroquias de Aldán e O Hío e os lugares de San Roque e Liméns quedan sen abastecemento de auga desde este mediodía debido á complicación no inicio das obras de reparación na liña xeral de abastecemento que percorre o Camiño Vello de San Roque. Aínda que o corte da subministración non estaba prevista ata as 22.00 horas desta noite, os equipos da UTE Gestión Cangas que están a traballar en San Roque detectaron unha fuga maior que obrigou a cesar o abastecemento para evitar problemas maiores na rede.

A compañía de auga de Cangas estima que o servizo volverá á normalidade a partires das 8.00 horas do xoves 23, aínda que avisará a traveso da súa web e dos medios ao seu alcance do avance das obras e da restauración do servizo en Aldán, O Hío, San Roque e Liméns.

Os servizos de detección de fugas descubriron a avaría na tubería principal que segue o percorrido do Camiño Vello de San Roque que, aínda que permite manter a subministración provisionalmente, é preciso proceder a súa reparación. Durante esta mañá, ao acceder á fuga detectada, os operarios atoparon una rotura maior que aconselleu o inmediato corte da conducción.

UTE Gestión Cangas intentará restablecer o abastecemento afectado no menor tempo posible e pide disculpas á poboación afectada polas molestias causadas polas obras.